

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PRODUCCIÓN DA ÓPERA "DON GIOVANNI", DE MOZART

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 15 de novembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta de actividades relacionadas coa produción da ópera de Mozart *Don Giovanni*, que se representará o 13 e o 15 de setembro de 2019 no Palacio da Ópera da Coruña, baixo a dirección escénica de Carlos Saura e interpretada polas sopranos Lianna Haroutounian e Rocío Pérez, os barítonos Juan Jesús Rodríguez e Gerardo Boullón, a mezzo Ginger Costa-Jackson e o tenor Francisco Corujo, co apoio da Orquesta Sinfónica de Galicia e o Coro Gaos, e baixo a dirección musical de Antonello Allemandi.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña foi a organizadora, durante máis de sesenta anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que o converteu no decano dos festivais de ópera en España e nun dos referentes musicais galegos por excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas máis consolidadas. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación operística de carácter estable e do máximo nivel que traia a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico.

Despois de conmemorar en 2018 A Coruña e Galicia unha efeméride moi especial, os 250 anos da fundación do primeiro teatro lírico na Coruña e polo tanto das primeiras representacións líricas celebradas na cidade, unha data especial que daría orixe á singular relación desta urbe e a súa provincia co xénero lírico, a Asociación propónse continuar coas celebracións recordando esa data excepcional en 2019 a través agora dunha efeméride de enorme relevancia. Grazas ao impulso de Nicola Setaro, que sentou as bases operísticas da cidade, en 1978 A Coruña acolleu a que foi a primeira representación de "Don Giovanni", a obra mestra de Mozart, en España. E para recordar este acontecemento singular, A Coruña volverá a acoller dúas únicas funcións do "Don Giovanni" en tempos modernos, que contará ademais cun elemento excepcional, pois será a primeira vez que o prestixioso director de cine Carlos Saura, que levou ao cine a vida do libretista de "Don



Giovanni", Lorenzo da Ponte, aborde a posta en escena desta obra mestra e farao, como primicia, pois, en Galicia.

A programación operística da Coruña enriquecese, pois, con esta proposta, que atraerá non só ao público galego senón ao do resto de España e mesmo internacional, convertendo a cidade da Coruña, e por extensión toda Galicia, nun escaparate musical de recoñecida tradición, vitalidade e actualidade musical, apoiado pola afluencia dun público fiel numeroso que acode todos os anos ás actividades despregadas, esgotando as localidades, e constituíndo, xa que logo, un reclamo turístico de primeira orde que cómpre apoiar.

A Agadic considera esencial a adquisición dun activo inmaterial mediante a participación como coorganizadora no desenvolvemento deste proxecto, contribuíndo a preservar e difundir a cultura galega, e en especial a ópera, a través da organización destas actividades, intentando acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, enriquecendo, sen dúbida, o noso patrimonio operístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

